

... E CHEQUEI A BAIONA!



<<I.- PRESENTACIÓN

(...) Permitídimе que me presente, son a carabela “Pinta”. A mesma que hai 500 anos chegou á Real Vila portando a primeira noticia do achádego do Novo Mundo.

II.- AS MIÑAS CARACTERÍSTICAS

Aínda que non son coqueta (unha carabela non pode selo) sempre afagoume oír que as miñas formas foron as máis proporcionadas: 22'65 m. de eslora, 6'72 m. de manga, 19 m. de pau maior, 186'62 m² de velame, 30 Tm.de lastre fixo e 116 Tm. de desprazamento máximo. (...) A miña arboradura de piñeiro, consiste en tres paus, trinquete e proa, ... Meu timón, de madeira de carballo...

Durante a viaxe ao Novo Mundo ía permanentemente lastrada con pedra e area (...) pero cando o consumo de víveres modificaba o francobordo ... lastrábanme reccheando con auga salgada os toneis baleiros.

(...) Para que puidera defenderme de posibles ataques protexéronme con armas de artillaría e infantería. Lembro ter montadas ... na miña cuberta principal, varias lombardas que asomaban as súas bocas por uns buratos chamados “bocas” (...). En canto ás armas de infantería, os meus tripulantes dipuñan de espadas, picos, béstas, rodeles, cascos, petos, coitelos, arcabuces,...

III.- A MIÑA TRIPULACIÓN

E a miña tripulación! (...) Cantos reveses e satisfaccións, cantas tristuras e ledicias compartidas ao longo de 32 semanas! (...) Estaba composta... por 26 fornidos e expertos mariñeiros, todos andaluces, salvo un avezado baionés e algún que outro galego máis, a xulgar polo seu acento. (...) xamais poderei esquecer ao meu capitán Martín Alonso Pinzón e o seu irmán, meu mestre, Francisco Martín Pinzón. Sen eles Colón nunca podería ter realizado tan singular fazaña, nin eu podería ser a primeira en chegar a Guanahaní, ao Cipango ou a Baiona.

Tampouco me esquencerei nunca do meu bravo e intrépido piloto, o baionés Cristóbal García Sarmiento (...) A min libroume do naufraxio nunha grande tempestade do vento e da mar á altura das Azores cando con gran coraxe e arrestos, soubo dirixir firmamente o meu temón, vencer os ventos ábregos, dominar as miñas orfadas e levarme salva, aínda que non sanda, a Baiona.

Lembro tamén ao meu contramestre Juan Quintero Argenta, distribuíndo



con dilixencia o traballo a bordo; ao dispensario García Fernández, sempre preocupado polas vituallas, o sostemento do fogón e o despabilo dos meus farois; ao ciruxán, continuamente combatendo o escorbuto ou a pediculosis; ao alguacil, ao calafate, ao carpinteiro, ao toneleiro, ao cociñeiro e, como non, o meu dono Cristóbal Quintero, a miúdo anoxado por obrigarnos os reis ... a realizar aquela viaxe contra a nosa vontade, e ao lepero Juan Rodríguez Bermejo (Rodrigo de Triana); a este nunca o vin tan ledo como o día que berrou “TERRA”, nin tan anoxado como cando Colón lle negou os 10.000 maravedís de xuro (de por vida).

IV.- VIDA A BORDO

Moito sentín non poder dispor de maiores comodidades para os meus hóspedes... para durmir, só dispuñan dunhas arpilleiras que extendían sobre a miña cuberta (...)

Fabas, garavanzos, lentellas, arroz, touciño, chacina, peixe salgado, queixo, dentes de allo, mel, améndoas, pasas, bizcoito, viño e vinagre, constituían a base da alimentación dos meus pupilos, só mellorada cando capturaban algún peixe. A única comida quente do día facíanna ás 11 e era preparada no fogón contruído con chapas de ferro en cuxo fondo lle colocaban area para protexerme a min contra o lume.

(...) Montaban garda dende a tardiña ata o amencer relevándose cada catro horas (oito ampolletas)

A latitude e a hora a deducía Sarmiento coa altura das estrelas empregando o astrolabio.



V.- A MIÑA VIAXE AO NOVO MUNDO

O día tres de agosto de 1492, saín de Palos de la Frontera coa nao Santa María e a carabela Niña, rumbo ás Canarias, dende os nosos capitáns... dirixíronnos cara ao oeste. Cos alisios ... surcamos o ... Atlántico con moitas dificultades, ata que o 12 de outubro o meu vixía Rodrigo de Triana divisou unha cabeza de branca area pertencente ao Novo Mundo. Os soños do Almirante e os irmáns Pinzóns cumpríranse. (...)

O 25 de decembro varou a Santa María e a súa madeira foi empregada para erguer o Forte de Navidade, primeiro asentamento do home branco no continente americano.

VI.- O MEU RETORNAVIAXE

O 16 de xaneiro de 1493, A Niña e eu puxemos rumbo a España. (...) Eu

transportaba a varios indios. Era xente tranquila, pacífica e de moi bo corazón (...) tamén traía papagaios, galipavos, patacas, ..., millo, piñas, especiería, pequenos anacos de ouro e outros obxectos exóticos.

As tres primeiras semanas... tivemos moi bo tempo ... Reinaba boa camaradería ... oín a Pinzón en máis dunha ocasión musitou ao seu irmán o propósito de chegar o primeiro... coa noticia... a min tampouco me desagradaba a idea de que me bautizasen co sobrenome de “a máis veleira”.

O 12 de febreiro levantouse unha tormenta... en aumento ata o día 14... Á altura das Azores perdín de vista á Niña, á que xa non volví ver durante o resto da viaxe (...)



VII.- ...E CHEQUEI A BAIONA

Tras angustiosas xornadas...navegando só co trinquete, por ter o pau maior roto e o velame riscado, puiden arribar o venres día 1 de marzo de 1493, a Baiona (...)

(...) Martín Alonso Pinzón entrevistouse varias veces co Correxidor que... enviou un correo aos Reis dando conta do sucedido e pedindo audiencia para o capitán de desexaba ir a velo por terra. Pinzón e o correxidor cometeron un erro... ignoraban que o dereito marítimo daquela época esixía aos barcos a retornar ao porto de onde partiran.

(...) Ao día seguinte as campás da Colexiata tanguían pola morte dun dos indios que enfermara gravemente durante a travesía ... recollendo o cadáver ata o cemiterio de Monte Boi, onde repousan dende entón...



Colexiata (MRP)



Azulexo conmemorativo (MRP)



Monterreal e Monte Boi (MRP)

VIII.- LEMBRANZAS

O día once de marzo, Pinzón, un pouco recuperado da súa enfermidade, ordeou partir cara a Palos... Unha vez chegados... morreu o meu capitán Pinzón. (...)>>